



CONCELLO DE TEO



CARREIRA PEDESTRE BATALLA DE CACHEIRAS 2016 CONCELLO DE TEO

A Concellaría de Deportes do Concello de Teo organiza o **domingo 24 de abril de 2016** a partir das 10:45 horas a Carreira Pedestre **Batalla de Cacheiras 2016 - Concello de Teo**.

A edición 2016 recupera a tradición de conmemorar **os acontecementos sucedidos o 23 de abril de 1846**, xa que na súa proba absoluta discorrerá **polos camiños por onde as tropas do xeneral de La Concha avanzaron para enfrontarse ó exercito sublevado liderado polo xeneral Solís. Camiños cheos de historia, de cultura, de paisaxe e arquitectura popular que atravesan as parroquias de Bamonde, Oza e Cacheiras no Concello de Teo. Unha ruta lineal que comeza ó pé da reitoral de Bamonde e remata no cumio de Montouto**.

As probas estarán baixo control técnico da **Federación Galega de Atletismo** e seguirán o seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha soa clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

2. CATEGORÍAS DOS PARTICIPANTES:

- ✘ **PITUFOS:** atletas nadas/os nos anos 2011 e posteriores
- ✘ **PREBENXAMÍN:** atletas nadas/os nos anos 2009 e 2010
- ✘ **BENXAMÍN:** atletas nadas/os nos anos 2007 e 2008
- ✘ **ALEVÍN:** atletas nadas/os nos anos 2005 e 2006
- ✘ **INFANTIL:** atletas nadas/os nos anos 2003 e 2004
- ✘ **CADETE:** atletas nadas/os nos anos 2001 e 2002
- ✘ **XUVENIL:** atletas nadas/os entre 1999 e 2000
- ✘ **JÚNIOR/PROMESA:** atletas nadas/os entre 1994 e 1998
- ✘ **SÉNIOR:** atletas nadas/os en 1993 e ata veteranos
- ✘ **VETERANA/O A:** atletas nadas/os entre 1971 e 1981
- ✘ **VETERANA/O B:** atletas nadas/os entre 1961 e 1970
- ✘ **VETERANA/O C:** atletas nadas/os en 1960 e anteriores

3. DISTANCIAS E HORARIOS:

A saída da proba **ABSOLUTA** será desde Bamonde e terá a meta no miradoiro de Montouto (punto xeodésico). Todas as probas escolares levaranse a cabo no lugar de meta da proba absoluta (alto de Montouto).

O horario e distancias das probas serán os seguintes:

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
10.45 h	JÚNIOR/PROMESA/ SÉNIOR e VETERANO	9 km aprox.
12.15 h	PITUFOS	150 m aprox.
12.20 h	PREBENXAMÍN	430 m aprox. (1 volta P)
12.35 h	BENXAMÍN	860 m aprox. (2 voltas P)
12.50 h	ALEVÍN	860 m aprox. (2 voltas P)
13:15 h	INFANTIL – CADETE – XUVENIL	1620 m aprox. (1 volta P + 1 volta G)
13.30 h	ENTREGA DE PREMIOS	

4. INSCRICIÓNS

- **ADULTOS**: (júnior/promesa, sénior e veteranos) ata o **mércores 20 de abril ás 23:59 horas** na web www.emesports.es (única forma de inscrición). Deberán encher os campos no formulario da inscrición da proba.

Todos as persoas participantes que disputen a proba absoluta deberán correr cun CHIP colocado na súa zapatilla, o cal deberán entregar unha vez crucen a liña de meta.

- **ESCOLARES** (de pitufo a xuvenil) ata o **mércores 20 de abril ás 23:59 horas** no formulario de inscrición en liña presente na web www.emesports.es.

RECOMÉNDASE A TODAS AS PERSOAS INSCRITAS QUE COMPROBEN A LISTAXE DE PARTICIPANTES EN www.emesports.es ANTES DE QUE REMATE O PRAZO DE INSCRIPCIÓN.

Todos/as aqueles/as participantes que non saian nas listaxes da páxina web non poderán participar o día da carreira.

Os dorsais recolleranse a partir das 9.00 horas e ata ás 10.00 horas no alto de Montouto (punto xeodésico) para a categoría de adultos. Para o resto de categorías (escolares) establecerase un límite de 30 minutos antes de cada proba programada no horario de competición.

Os atletas adultos serán trasladados en autobús ata o punto de saída. Os autobuses comezarán o traslado de atletas ás 09.15 horas.

Non se aceptarán as inscricións fóra de prazo, con datos incompletos ou sen todos os datos obrigatorios. As inscricións de escolares deberán facer constar os seguintes datos na inscrición: **nome e apelidos, data de nacemento completa, localidade de procedencia, club ou centro escolar e número de licenza federativa ou seguro escolar** (se o ten), **teléfono de contacto ou correo electrónico**.

> **O prezo** da inscrición (a proba absoluta estará controlada a través dun *chip*) será o seguinte:

- **CATEGORÍAS ESCOLARES (de pitufo a xuvenil):** **GRATUÍTA**
- **CATEGORÍA ADULTOS (de júnior/promesa a veteranos):** **5,00 €**

A pre-inscrición non se completará se non se fai o pago no momento de inscribirse na web www.emesports.es.

Para calquera dúbida relacionada co proceso de inscrición poderán dirixirse ó teléfono: **981 815 700** (Departamento de Deportes).

O PRAZO DE INSCRICIÓN REMATARÁ O MÉRCORES 20 DE ABRIL ÁS 23.59 HORAS. NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓN FÓRA DO PRAZO ESTABLECIDO NIN O DÍA DA PROBA.

Para optar ó premio ó mellor club federado da proba absoluta deberán anotarse os atletas individualmente na web www.emesports.es e remitir un correo á dirección FGAsantiago@gmail.com indicando os datos do club e a listaxe de atletas inscritos.

Para o premio ó centro escolar que achegue máis participantes ás probas, deberán realizar a inscrición do mesmo xeito, inscribindo os atletas individualmente na web www.emesports.es e remitindo un correo electrónico á dirección indicada (FGAsantiago@gmail.com).

5. PREMIOS E AGASALLOS

Haberá premios para:

- > Os 3 primeiros clasificados das categorías establecidas (en mulleres e homes).
- > As 3 primeiras mulleres e os 3 primeiros homes da carreira absoluta (**JÚNIOR/PROMESA, SÉNIOR e VETERANOS/AS A/B/C**).
- > O/A **participante máis novo/a** e o/a **máis veterano/a** que logre concluír a proba polos seus propios medios e sen axudas externas.
- > O **primeiro equipo federado** clasificado na clasificación final.

- > O centro escolar que achegue máis participantes que logren concluír a proba.
- > O/A primeiro/a clasificado/a empadroado/a Teo en cada categoría (deberán indicar a localidade na inscrición).
- > Agasallos para todos os participantes.
- > Bebida para todos os participantes.

Os premios non serán acumulativos, excepto os premios ás e ós atletas locais.

A clasificación por clubs da proba absoluta será establecida a través dos 6 primeiros corredores en cruzar a liña de meta, pola suma dos seus postos, gañando o equipo que menos puntos acade. En caso de empate gañará o equipo que mellor clasifique o seu 6º compoñente (imprescindible facer a inscrición como club).

6. Todo atleta que entre na liña de meta sen o seu dorsal ou sen que estea debidamente colocado na zona do peito e en toda a súa extensión será automaticamente desqualificado.
7. As reclamacións sobre os resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó xuíz árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación destes. Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co Regulamento da **RFEA** e **FGA** en vigor para probas en ruta.
8. Haberá servizo de duchas a disposición dos atletas no Polideportivo Municipal dos Tilos (a 500 metros da zona de meta).

Mais información nas webs:

- > www.concellodeteo.com
- > www.fgatletismo.es/santiago
- > www.atletismogalego.org
- > www.emesports.es
- > www.correrengalicia.org

PLANO DA PROBA ABSOLUTA A CONTINUACIÓN

TRACK DA RUTA : <http://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=12925492>

